

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN GALEGA PARA A ASISTENCIA E INVESTIGACIÓN DOS TRASTORNOS DA PERSONALIDADE PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA SERIE DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E APOIO AOS ENFERMOS E FAMILIARES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formaliza coa ASOCIACIÓN GALEGA PARA A ASISTENCIA E INVESTIGACIÓN DOS TRASTORNOS DA PERSONALIDADE o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que comezará a contar dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O desenvolvemento dunha serie de actividades no ámbito territorial de actuación da Asociación cos seguintes obxectivos:

Formación continuada dos profesionais que traballan ou colaboran coa asociación.

Adestramento dos profesionais no desenvolvemento dos programas acordados.

Programas de formación e apoio dos familiares.

Desenvolvemento de programas psicoeducativos.

Difusión social dos trastornos de personalidade que eviten a estigmatización destes doentes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Estas persoas soen vivir coa súa familia, precisando os familiares dun apoio multidisciplinar desde o ámbito da atención primaria de saúde. No ámbito da nosa Comunidade, o modelo de atención na saúde mental, prioriza a atención na comunidade e a integración social do enfermo, debéndose levar a cabo programas de achegamento á poboación xeral, e en especial de non discriminación neste colectivo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro (normativa vixente no momento da sinatura), ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

